

KONSTANTINOS THEOTOKIS

A honra e os cartos

Traducido por Alfonso Blanco



Hugin e Munin

I

Como afanosa muller da súa casa, a señora Epistimi de Trinkoulos ergueuse ben cedo da cama, puxo as enaguas, amañou un pouco o cabelo, abriu a porta da vivenda e saíu un momento ao calello empedrado. A veciñanza aínda durmía. Elevou os ollos cara ao pequeno recadro de ceo que clarexaba aos poucos e no que aínda brillaban dúas ou tres estrelas, e espreitou o mar ao final da estreita rúa, o cal se estendía, agrisado e calmo, até o cordal montañoso do continente que se alzaba en fronte. A seguir, entrou de novo na vivenda para prender o lume na súa modesta cociña. Era unha muller de mediana idade, por volta dos corenta e cinco anos, alta e descarnada, co rostro engurrado e os cabelos case canos, mais cun ollar aínda vivo e novo.

«Hoxe vai ir calor», pensou, abrindo a xanela da cociña. Ao se decatarse de que a luz aínda non era abonda, acendeu cun misto o negrexado candil que penduraba dun cravo na parede afumada e arroiada enriba da cambota. Logo escrutou ao seu arredor, buscando coa mirada a pota do café, inclinouse para coller unhas pedras de carbón e, en poucos intreos, prendeu con destreza a cociña de ferro, soprando nelas ao primeiro, co ventallo despois, namentres pensaba.

«Seis pezas de cánabo a catro francos¹ a peza fan..., seis e seis, doce, e doce máis, vinte e catro francos. Até pasadomañá, que é sábado, serán tres, tres ducias; en total, trinta e seis francos. Co resto que hai no cofre suman cen, que collerei para levar ao banco. Pero que non os vexa antes o borrachón do meu home, porque os apañaría e iría dereito á taberna para desbaldilos! Así se preocupa el dos nosos fillos, das nosas rapazas! No entanto, os cativos medran. Velaí a miña Rini, que xa é unha muller feita. Ai, a coitada, se tivese que confiar nel...! De non ser polo que fixeron estes brazos, non teríamos nin para mudar de camisa». E suspirou mentres abaneaba a cabeza.

Sen deixar de sansanicar o ventallo, berrou cara ao dormitorio:

—Ei, Rini, que tes hoxe? Érguete, nena! Unha rapaza, para chegar a rica, precisa estar esperta. Durmindo só se cultiva a nugalla. Non me oes? Ou fas que non oes? Alpeira, anda, alpeira!

—Aínda non é día, madre —retrucou entre bocexos Rini, que quería prolongar o sono.

—É mediodía —berroulle implacable a súa nai—. Arriba! Tes que coller o costume de erguerte cedo. Un día has caer nas mans dun home, e non quero que me maldiga o meu xenro, sexa quen for.

De súpeto, escoitáronse pasos rápidos no exterior.

—Que será? —sobresaltouse Epistimi, e, pousando o ventallo, achegouse á soleira.

Dende a beiramar, tres homes subían ás carreiras polo calelo. Un deles carrexaba un pesado saco que o obrigaba

¹En 1865, Francia, Bélxica, Italia e Suíza subscribiron un acordo no que se comprometían ao libre intercambio das súas divisas respectivas, algo que a efectos prácticos supuña establecer a paridade co franco francés. Conformábase daquela a chamada Unión Monetaria Latina (UML), á cal Grecia se sumaría en 1868 e que se disolveu formalmente en 1927.

